



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso de Sistemas de Información Xeográfica 2013 (SIX 2013)

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	248
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2013
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1
RESPONSABLE:	[]				

2. DESCRICIÓN

DESCRICIÓN CURSO

O curso está deseñado para que os alumnos adquiren os coñecementos teórico-prácticos e habilidades que lles capaciten para aplicar solucións con información xeoespacial utilizando sistemas de información xeográfica na Administración. Combina o estudo dos fundamentos teóricos dunha ferramenta SIG cunha completa formación práctica no uso dos sistemas de información xeográfica co obxectivo de que os alumnos aprendan a xestionar a información xeoespacial de maneira eficiente, para obter os maiores beneficios posibles tanto na xestión do territorio como na posta a disposición desa información. Ademais este curso ten como obxectivo xeneralizar o uso dos SIG na Administración e que este tipo de tecnoloxías e as súas aplicacións se dean a coñecer á sociedade

DESTINATARIOS

4.1. A metade das prazas (15) ten como destinatarios aos empregados públicos das Administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, e das Universidades do Sistema Universitario de Galicia que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos que se encadren nalguna das seguintes categorías:

4.1.1. Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario

4.1.2. Pertencer aos grupos I e II do persoal laboral

4.1.3. Persoal eventual que acredite a súa condición co correspondente nomeamento específico

Este curso valorarase con 1,2 puntos a aqueles alumnos que fosen considerados aptos á finalización do mesmo e por tanto, teñan dereito a certificado de aproveitamento, sempre que cumpran os requisitos para a aplicación do establecido na Resolución do 26 de outubro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se establecen, de acordo coas Comunidades Autónomas, os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de Formación e Perfeccionamento de Administración Local, en cumprimento do establecido na Orde do Ministerio para as Administracións Públicas do 10 de agosto de 1994, da Resolución do 30 de novembro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública pola que se corríxen erros da Resolución do 26 de outubro de 1994, e conforme co establecido no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal (DOG núm. 52 do 16 de marzo de 2009).

4.2. Poderá optar á outra metade das prazas (15) o persoal contratado polas Administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente, así como os profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitectos, enxeñeiros, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos.

As prazas de calquera dos grupos que non se cubran na súa totalidade acumularanse ás do outro.

5. Pago da matrícula

5.1. O importe da matrícula é de mil douscentos euros (1.200 €), para todos aqueles solicitantes que cumpran as condicións prescritas no punto 4.1.

O importe anterior poderase facer efectivo na súa totalidade no momento de formalizar a matrícula ou en dous prazos. Neste último caso, o 60% do total (720 €), pagarase ao matricularse e o 40% restante (480 €), farase efectivo entre o 1 e o 15 de febreiro de 2013.

5.2. O importe da matrícula é de dous mil catrocentos euros (2.400 €) para os demais solicitantes.

Do mesmo xeito que no punto anterior, este importe poderase facer efectivo na súa totalidade no momento de

formalizar a matrícula ou en dous prazos. Neste último caso, o 60% do total (1.440 €) pagarase ao matricularse e o 40% restante (960 €) farase efectivo entre o 1 e o 15 de febreiro de 2013.

O pago da matrícula deberá efectuarse dentro dos 5 días seguintes á comunicación por parte da EGAP da aceptación do alumno no curso.

PROGRAMA

O curso estrutúrase nos seguintes módulos:

- Módulo I. Módulo central de formación na ferramenta SIG. (120 horas teóricas e prácticas)

- Módulo II. Módulos temático/prácticos (128 h): Módulo de urbanismo(16 h), módulo infraestrutura de datos espaciais e catastro (16 h), módulo de paisaxe (8 h), módulo ambiental (16 h), módulo de medio rural (16 h), módulo de sistemas de posicionamento (8 h), módulo de riscos (8 h), módulo de transportes e redes (8 h), módulo de sanidade (8 h), módulo de economía e estatística (16 h), módulo de turismo (8 h).

Titorización de proxectos: Disporase de 30 horas adicionais para titorización de proxectos.

Os alumnos recibirán gratuitamente unha licenza do programa Arcgis 10 válida por un ano, que se lles instalará no seu portátil a aqueles alumnos que prefiran seguir as clases prácticas co seu propio portátil.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os participantes serán seleccionados por unha comisión técnica independente designada para este efecto cuxa composición será publicada no portal web da EGAP. A comisión seleccionará os candidatos con discrecionalidade técnica e independencia con respecto aos órganos directivos da EGAP.

Os criterios selectivos para a admisión neste curso serán os seguintes:

9.1. Para os solicitantes incluídos no punto 4.1, valoraranse:

9.1.1. Posto de traballo actual

9.1.2. Experiencia profesional independente e distinta da correspondente ao actual posto de traballo, o que se acreditará exclusivamente nos termos sinalados na base 8.1.

9.1.3. Formación:

9.1.3.1. Formación recibida:

a) Títulos oficiais universitarios distintos aos esixidos ou acreditados como requisito para acceder a este curso.

b) Cursos ou seminarios recibidos de máis de 200 horas que teñan relación coa materia do curso.

c) Cursos, seminarios ou xornadas recibidos entre 40 e 200 horas relacionados coa materia do curso.

9.1.3.2. Formación impartida:

a) Ensinos oficiais universitarias

b) Cursos, xornadas e seminarios impartidos que estean relacionados coa materia desta convocatoria.

9.1.4. Outros méritos:

9.1.4.1. Publicacións: libros, revistas técnicas e relatorios ou comunicacións de congresos relacionadas coa materia do curso.

9.1.4.2. Premios e bolsas relacionadas coa materia do curso

Todos os méritos alegados deberán acreditarse nos termos consignados e serán achegados seguindo a orde establecida nesta convocatoria, presentándose a documentación esixida numerada nos termos da mesma. A non cumprimentación nos referidos termos suporá a non valoración dos mesmos.

En todo caso, esta convocatoria rexerese subsidiariamente polos criterios de participación nas actividades docentes da EGAP (DOG núm. 7, de 10 de xaneiro de 2008).

9.2. Para os solicitantes incluídos no punto 4.2, valoraranse:

9.2.1. Experiencia profesional. Terán prioridade aqueles solicitantes que acrediten mediante certificación emitida polo organismo ou entidade contratante e/ou, no seu caso, mediante copia do contrato, que a súa actividade profesional actual ten relación directa coa materia do curso.

9.2.2. Experiencia profesional independente e distinta da correspondente ao actual posto de traballo, o que se acreditará exclusivamente nos termos sinalados na base 8.1.

9.2.3. Formación:

9.2.3.1. Formación recibida:

a) Títulos oficiais universitarios distintos aos esixidos ou acreditados como requisito para acceder a este curso.

b) Cursos ou seminarios recibidos de máis de 200 horas que teñan relación coa materia do curso.

c) Cursos, seminarios ou xornadas recibidos entre 40 e 200 horas relacionados coa materia do curso.

9.2.3.2. Formación impartida:

a) Ensinos oficiais universitarias

b) Cursos, xornadas e seminarios impartidos que estean relacionados coa materia desta convocatoria.

9.2.4. Outros méritos

9.2.4.1. Publicacións: libros, revistas técnicas e relatorios ou comunicacións de congresos relacionados coa materia do curso.

9.2.4.2. Premios e bolsas relacionadas coa materia do curso

A comisión poderá establecer cotas para garantir o carácter interdisciplinario e interadministrativo nos grupos de traballo que se establezan, de acordo coas solicitudes recibidas. Así mesmo, resolverá as alegacións e reclamacións que se puidesen suscitar.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 14/10/2013 a 18/06/2014

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

José Ramón Porto Pedrido

Manuel Borobio Sanchiz

Ramon Blanco Chao

José Antonio Aldrey Vázquez

ALEJANDRA FEAL PÉREZ

alberto cespedes valero

Beatriz Guimarey Fernández

Manuel López Carballal

Miguel Cordero Souto

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LUGAR DE REALIZACIÓN

SEMINARIO A: Os días 11, 13, 19, 25 e 29 de novembro de 16:00 a 20:00. Os días 02, 04, 09, 11, 16 e 18 de decembro de 16:00 a 20:00. Os días 08, 13, 15, 20, 22, 27 e 29 de xaneiro de 16:00 a 20:00. Os días 03, 05, 10, 12, 17, 19, 24 e 26 de febreiro de 16:00 a 20:00. Os días 03, 05, 10, 12, 17, 24, 25 e 31 de marzo de 16:00 a 20:00. Os días 02, 07, 09, 21, 23, 28 e 30 de abril de 16:00 a 20:00. Os días 05, 06, 12, 13, 19, 21, 26 e 28 de maio de 16:00 a 20:00. Os días 02, 04, 09, 11 e 16 de xuño de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 202 (Informática) (antiga): Os días 14, 16, 21, 23, 28 e 30 de outubro de 16:00 a 20:00. Os días 04 e 06 de novembro de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA